

A ESAD de Galicia xunto ca Deputación de Pontevedra convocan o I Certame:

## “Microteatro da Memoria”

O certame consiste na presentación de pezas teatrais curtas que centren a súa temática arredor da memoria histórica.

O obxectivo principal do certame é reflexionar sobre a historia a través de propostas dramáticas en formato breve de microteatro. Ao mesmo tempo que abrimos un espazo para que a dramaturxia visibilice unha temática, ás veces esquecida.

### **BASES**

#### PARTICIPACIÓN

Poderá presentarse calquera persoa que así o desexe.

#### AS PEZAS E O PREMIO.

As pezas son curtas, estilo libre, en lingua galega e temática sobre a memoria histórica pensadas para un formato de microteatro.

Convócase un único premio dotado de 500€.

#### - PRAZO E PRESENTACIÓN

O prazo de presentación é dun mes natural dende o día da publicación da convocatoria nas canles oficiais da deputación e a Esad de Galicia.

A presentación das pezas é telemática ao correo electrónico [esad.galicia@edu.xunta.es](mailto:esad.galicia@edu.xunta.es) dentro do prazo establecido (ata ás 00:00 do último día) e co asunto “Microteatro da memoria”. No mail irán dous documentos; un ca peza co título e o pseudónimo no nome do arquivo e o outro a plica onde porá no nome do arquivo o lema e/ou pseudónimo e dentro conterá os datos persoais (Nome completo, enderezo, teléfono e correo electrónico).

O tipo de letra Arial tamaño 11 cun interlineado de 1.5. e cunha extensión máxima de 20 folios a unha cara.

## XURADO

O xurado estará conformado pola coordinadora de Normalización Lingüística da ESAD, un docente da ESAD e unha persoa que designe a Deputación.

## DIFUSIÓN E DEREITOS DE AUTORÍA.

O Certame, a través das entidades que o organizan, posúe os dereitos da autoría para uso escénico no ano seguinte ao de saber a gañadora ou gañador, sempre no ámbito académico e sen prexuízo de outras cesións de uso.

## PROTECCIÓN DE DATOS

A Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD) dispón a adaptación do ordenamento español ao RXPD preservando o principio de seguridade xurídica e procurando unha regulación interna complementaria para facer plenamente efectiva a aplicación do RXPD.

Unha vez coñecida a gañadora ou gañador comunicarase no prazo dos quince días seguintes ao remate do prazo de presentación e eliminaranse as demais propostas enviadas ao certame.